

Rogos e preguntas do Pleno de novembro de 2021

Preguntas formuladas por Dona Elena Estévez Freire.

Pregunta: Na sesión plenaria do mes de abril deste ano, preguntei o goberno cal era o seu posicionamento en relación a reclamación feita polo Arzobispado de Santiago para dar cumprimento ó convenio urbanístico firmado en 2001 para construción do tanatorio municipal no antigo cemiterio e se me respostou que estaba pendente do pertinente informe xurídico da Secretaria xeral do Concello. A día de hoxe está emitido xa ese informe? Mantivo o Alcalde algunha reunión co Arzobispado para tratar esta cuestión?

Resposta: o alcalde non mantivo ningunha reunión directa co Arzobispado, e non o fará ata que o Concello dispoña do pertinente informe xurídico.

Pregunta: Ten previsto o goberno a través da Concellería de Benestar social retomar neste ano os cursos de memoria que se estaban impartindo tanto no Centro Social do Mar como na Casa do Pobo de Beluso? De ser así cales serían as datas de inicio?

Resposta: actualmente estamos levando a cabo as xestións pertinentes e preparando todo o expediente para poder reiniciar os talleres de memoria en Bueu e Beluso ao longo do mes de novembro, que tivemos que deixar de impartir durante un ano debido á pandemia da Covid-19 e por estar ante poboación de risco. Tan pronto o teñamos pechado, anunciaremos todos os detalles na páxina web do Concello e nos medios de comunicación para que se poidan inscribir as persoas interesadas.

Pregunta: Na sesión plenaria do mes de marzo deste ano, preguntei o goberno cales eran as distintas opción nas que estaba traballando para dotar dun aparcamento público o Parque Industrial de Castiñeiras e a resposta foi que o Concello estaba elaborando un proxecto técnico que confiaban ter rematado nas

próximas semanas e sería nese momento cando llo presentarían ós representantes da Asociación de Empresarios do Parque Industrial. Está redactado e presentado xa dito proxecto?

Resposta: o Concello conta cun proxecto técnico para a ampliación do aparcadoiro público no Parque Industrial de Castiñeiras, e que xa presentamos aos representantes da Federación de Comerciantes e Industriais do Morrazo (FECIMO) e da Asociación de Empresarios do Parque Empresarial de Castiñeiras (AEPICAS) nunha reunión mantida en abril na parcela onde se vai promover, que consta de 795 metros permitirá contar cunha trintezas de prazas de estacionamento xusto á entrada do parque. O proxecto, cun orzamento de arredor de 30.000 euros, supoñerá dar cumprimento a unha das demandas que o colectivo de empresarios solicitara nunha reunión previa a comezos deste ano.

Pregunta: : Rematada xa a fase probatoria no expediente de investigación por mor de posible ocupación de camiño en Coumiñán-Montemogos na parroquia de Beluso, foron xa valoradas as probas presentadas polas partes? Existe informe xurídico? Cal é o motivo da tardanza en resolver este expediente?

Resposta: dada a especificidade do tema, o Concello encargou un informe xurídico externo que se presentará nos vindeiros días, e despois do cal se resolverá o asunto á maior brevidade posible.

Pregunta: Cando ten previsto o goberno convocar novamente a comisión de Seguimento da Banda do Río para informar de cómo vai o procedemento para aprobación do Concurso de ideas?

Resposta: o Colexio de Arquitectos de Galicia (COAG) presentou o 6 de outubro pola Sede Electrónica do Concello de Bueu o borrador dos pregos de cláusulas administrativas e técnicas que rexerán o concurso de ideas, un asunto que está na prelación de temas a resolver polo departamento de Secretaría, aínda que previamente se deben sacar adiante outros que teñen que ver con diversas licitacións

con prazo de xustificación. No momento no que se revise este asunto por parte da Secretaría Municipal, reactivaranse as comisións de seguimento.

Pregunta: Como van as negociacións coa propietaria da vivenda de Matilde Bares para a compra do inmovible? Hai xa valoración técnica do estado da vivenda? Existe valoración económica da mesma e cales son as opcións nas que traballa o goberno para a adquisición do inmovible?

Resposta: contamos cun informe técnico emitido polos servizos técnicos municipais, onde se valora o estado do inmovible e onde se di que non é absolutamente necesaria a súa demolición. Disto xa se lle deu traslado á propiedade, e sobre a valoración económica continuamos no mesmo punto, posto que non variou a dispoñibilidade que tiña a propietaria actual. Con todo, e como medida provisional, o Concello comprometeuse coa propiedade a colocar un valado exterior en espazo público que tería unha dupla función: protexer o inmovible, e embelecer a zona.